## Vocabulario. O POBOADO PREHISTÓRICO



**1** **Localiza na sopa de letras as palabras que se corresponden coas seguintes definicións.**

- Lugar onde se gardan os cabalos, as vacas…
- Aparello con que se elaboran teas a partir de fíos.
- Serie de estacas que serve como peche ou defensa.
- Persoa que cría ovellas, cabras…
- Lugar onde se gardan o gran e outros produtos.
- Casa feita con pólas, palla…

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | S | T | A | C | A | D | A | C |
| U | C | A | B | A | N | A | M | O |
| R | B | F | U | A | N | X | E | R |
| A | C | E | L | E | I | R | O | T |
| L | N | T | E | L | U | A | E | E |
| L | X | D | T | E | A | R | P | S |
| A | G | A | N | D | E | I | R | O |

**2** **Relaciona cada persoa co obxecto correspondente e escribe unha oración con cada par.**

**1** labrego
**2** cazador
**3** oleiro
**4** pescador



☐ arpón ☐ aixada ☐ lanza ☐ vasilla

**OS SUFIXOS DIMINUTIVOS**

Hai sufixos que achegan a idea de 'medida pequena'. Exemplo: *vaca* + **-iña** ➝ *vaquiña* ('vaca pequena'). Estes sufixos chámanse **diminutivos**.

Ás veces, os sufixos diminutivos serven para expresar tamén afecto ou estima. Exemplo: *nai* ➝ *naiciña*. O sufixo diminutivo máis habitual en galego é **-iño**/**-iña**. Outros sufixos diminutivos son **-ico**/**-ica**, **-ete**… Exemplos: *casa* ➝ *casica*, *palacio* ➝ *palacete*.

**3** **Atopa no texto oito palabras con diminutivo e di de que termo proveñen.**

**Regalo de aniversario**

Hoxe é o aniversario do meu curmanciño Xián, a quen lle teño moito cariño, e merqueille un regalico: un poboado prehistórico en miniatura. Ten de todo: unhas cortes con cabaliños e vaquiñas, un campo con tomatiños e pementiños, as cabaniñas típicas da época neolítica e unha morea de bonequiños que representan as persoas. É unha pasada!



### UTILIZA O DICIONARIO

**4** **Coa axuda do dicionario, di que palabras están formadas por un sufixo diminutivo e cales non.**

aloumiño | fouciño | canciño | xoaniña | areíña | adiviña

193